

A Formación Profesional Dual en España

MARINA MATA RIVAS E OLAYA QUEIRUGA SANTAMARÍA

Universidade de Santiago de Compostela - España

1. Antecedentes

Pese a que existen antecedentes normativos que levaron ao nacemento da formación profesional dual, verdadeiramente a formación profesional dual (FPD de aquí en adiante) créase a partir do Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. Neste RD, defínese a FPD como: *“o conxunto de accións e iniciativas formativas, mixtas de emprego e formación, que teñen por obxecto a cualificación profesional dos traballadores nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa coa formación recibida no marco do sistema de formación profesional para o emprego e do sistema educativo”*.

Por outro lado, non debemos esquecernos da Orde ESS/2518/2013, de 26 de decembro, pola que se regulan os aspectos formativos do contrato para a formación e a aprendizaxe, que se encarga de definir con máis detalle aqueles aspectos que teñen que ver coa propia actividade formativa (tempo de dedicación, contidos, requisitos dos centros, autorizacións, avaliación, entre outros moitos aspectos relacionados coa formación).

1.1. Obxectivos da FP Dual

Os obxectivos que persegue a FP Dual están orientados, a modo xeral, á mellora da cualificación e á recuperación do mercado laboral. Os obxectivos específicos que se propoñen son os seguintes:

- ◆ Incrementar o número de persoas que podan obter un título de ensinanza secundaria postobligatoria a través das ensinanzas de formación profesional.
- ◆ Conseguir un incremento de interese e motivación no alumnado tratando, deste modo, que se reduza o abandono escolar prematuro.
- ◆ Incrementar as probabilidades de inserción laboral grazas ao contacto directo dos traballadores coas empresas.
- ◆ Incrementar a vinculación e cooperación das empresas coa formación profesional.
- ◆ Establecer lazos de unión entre os docentes de formación profesional e as empresas, de forma que se favoreza a transferencia e intercambio de coñecementos.

- ◆ Facer un seguimento que permita, en definitiva, a mellora da calidade da formación profesional.

1.2. Modalidades de formación profesional dual

Como se sinala tamén no Real Decreto 1529/2012, as modalidades de FPD recoñecidas son as seguintes:

- ◆ Formación realizada exclusivamente no centro formativo e se alterna esta formación e a actividade laboral que se leva a cabo en empresa.
- ◆ Formación realizada coa participación da empresa, a través da prestación de espazos, instalacións ou expertos que impartan formación.
- ◆ Formación en empresa e en centro de formación, alternando a realización de determinados módulos na propia empresa complementariamente aos que se cursan no centro de formación.
- ◆ Formación compartida entre o centro de formación e a empresa.
- ◆ Formación realizada exclusivamente na empresa.

Sen embargo a certificación da formación dependerá do órgano encargado da súa xestión, é dicir, cando a formación se dirixa á obtención dun título de formación profesional, a avaliación do alumnado dependerá da administración educativa e a avaliación será responsabilidade dos docentes dos módulos profesionais dos centros de adscrición, tendo en conta, por suposto, as aportacións dos formadores ou titores da empresa. No caso de que a formación se dirixa á obtención dun certificado de profesionalidade, a avaliación dependerá da administración laboral e esta deberá axustarse aos requisitos que determina o Real Decreto que se encarga da súa regulación (RD 34/2008, do 18 de xaneiro).

1.3. Requisitos de acceso

- ◆ Ter entre dezoito anos e vinte e nove anos.
- ◆ Cumprir os requisitos de acceso á formación.
- ◆ Carecer da cualificación profesional obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
- ◆ Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo.

- ◆ Non ter superado ningún módulo profesional, agás que fose cursando outro formación diferente a que vai realizar.

2. Evolución da FPD en España

A continuación presentase un resumo no que se recollen, ao noso parecer, os datos máis destacados da FPD no noso país dende o ano 2012:

- 2012

Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro.


Con este RD xorde e desenvólvese o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.

- 2013

No curso académico 2012/2013 comeza o ofertarse en diferentes centros de España formación profesional dual.

A continuación presentase un gráfico no que se poden observar a porcentaxe de cada modalidade de FPD que se executou no curso 2013/2014.


Gráfico 1. Modalidades de FPD 2013/2014



Fonte: Formación Profesional Dual. Seguimiento de Proyectos de Formación Profesional Dual: Curso 2013/2014 (SGOFP)

No **Gráfico 2** podemos observar a distribución por familias profesionais, ao igual que no gráfico anterior faise referencia á totalidade do estado no curso 2013/2014.

Gráfico 2. Distribución por familias profesionais FPD 2013/2014



Fonte: Formación Profesional Dual. Seguimento de Proxectos de Formación Profesional Dual:
Curso 2013/2014 (SGOFP)

Na **Táboa 1** mostrase o número de centros que ofertaron FPD no ano 2013 en cada Comunidade Autónoma.

Táboa 1. Centros de Formación Profesional implicados nas experiencias de Formación Profesional Dual no ano 2013

Comunidades	Centros en 2013
Andalucía	49
Aragón	2
Asturias	0
Illes Baleares	1
Canarias	0
Cantabria	12
Castilla la Mancha	11
Castilla y León	8
Cataluña	27
Extremadura	1
Euskadi	27
Galicia	4
Madrid	9
Murcia	2
Navarra	6
La Rioja	1
Comunidad Valenciana	13
Total	173

Fonte: Formación Profesional Dual. Seguimento de Proxectos de Formación Profesional Dual:
Curso 2013/2014 (SGOFP)

Na **Táboa 2** mostrase o número de empresas colaboradoras nos proxectos de FPD no ano 2013 en cada Comunidade Autónoma.

Táboa 2. Empresas colaboradoras nos proxectos de experiencias de Formación Profesional Dual no ano 2013

Comunidades	Empresas en 2013
Andalucía	44
Aragón	2
Asturias	0
Illes Balears	8
Canarias	0
Cantabria	5
Castilla la Mancha	15
Castilla y León	29
Cataluña	161
Extremadura	1
Euskadi	106
Galicia	1
Madrid	80
Murcia	2
Navarra	10
La Rioja	9
Comunidad Valenciana	40
Total	513

Fonte: Formación Profesional Dual. Seguimiento de Proyectos de Formación Profesional Dual:
Curso 2013/2014 (SGOFP)

Na **Táboa 3** mostrase o número de alumnos e alumnas que cursaron a modalidade de FPD no ano 2013 en cada Comunidade Autónoma.

Táboa 3. Alumnado que cursou a modalidade de Formación Profesional Dual no ano 2013

Comunidades	Alumnado en 2013
Andalucía	2335
Aragón	49
Asturias	0
Illes Balears	5
Canarias	0
Cantabria	100
Castilla la Mancha	269
Castilla y León	75
Cataluña	500
Extremadura	15
Euskadi	126
Galicia	15
Madrid	516
Murcia	30
Navarra	86
La Rioja	11
Comunidad Valenciana	160
Total	4292

Fonte: Formación Profesional Dual. Seguimiento de Proyectos de Formación Profesional Dual:
Curso 2013/2014 (SGOFP)

- **2014**

Na **Táboa 4** mostrase o número de centros que ofertaron FPD no ano 2014 en cada

Comunidade Autónoma.

Táboa 4. Centros de Formación Profesional implicados nas experiencias de Formación Profesional Dual no ano 2014

Comunidades	Centros en 2014
Andalucía	61
Aragón	2
Asturias	7
Illes Baleares	5
Canarias	6
Cantabria	12
Castilla la Mancha	45
Castilla y León	14
Cataluña	67
Extremadura	5
Euskadi	64
Galicia	4
Madrid	9
Murcia	11
Navarra	4
La Rioja	2
Comunidad Valenciana	57
Total	375

Fonte: Formación Profesional Dual. Seguimiento de Proyectos de Formación Profesional Dual: Curso 2013/2014 (SGOFP)

Na **Táboa 5** mostrase o número de empresas colaboradoras nos proxectos de FPD no ano 2014 en cada Comunidade Autónoma.

Táboa 5. Empresas colaboradoras nos proxectos de experiencias de Formación Profesional Dual no ano 2013

Comunidades	Empresas en 2014
Andalucía	100
Aragón	14
Asturias	65
Illes Baleares	20
Canarias	48
Cantabria	26
Castilla la Mancha	500
Castilla y León	44
Cataluña	226
Extremadura	6
Euskadi	140
Galicia	20
Madrid	143
Murcia	80
Navarra	30
La Rioja	8
Comunidad Valenciana	100
Total	1570

Fonte: Formación Profesional Dual. Seguimiento de Proyectos de Formación Profesional Dual: Curso 2013/2014 (SGOFP)

Na **Táboa 6** podemos ver o número de alumnos e alumnas que cursaron a modalidade de FPD no ano 2014 en cada Comunidade Autónoma.

Táboa 6. Alumnado que cursou a modalidade de Formación Profesional Dual no ano 2014

Comunidades	Alumnado en 2014
Andalucía	2562
Aragón	33
Asturias	103
Illes Baleares	109
Canarias	183
Cantabria	212
Castilla la Mancha	1491
Castilla y León	234
Cataluña	2545
Extremadura	85
Euskadi	175
Galicia	61
Madrid	725
Murcia	184
Navarra	79
La Rioja	24
Comunidad Valenciana	750
Total	9555

Fonte: Formación Profesional Dual. Seguimiento de Proyectos de Formación Profesional Dual: Curso 2013/2014 (SGOFP)

- **2015**

A continuación, na **Táboa 7** mostrase o número de centros que ofertaron FPD no ano 2015 en cada Comunidade Autónoma.

Táboa 7. Centros de Formación Profesional implicados nas experiencias de Formación Profesional Dual no ano 2015

Comunidades	Centros en 2015
Andalucía	35
Aragón	13
Asturias	2
Illes Baleares	12
Canarias	15
Cantabria	27
Castilla la Mancha	102
Castilla y León	19
Cataluña	122
Extremadura	10
Euskadi	59
Galicia	15
Madrid	77
Murcia	26
Navarra	21
La Rioja	4
Comunidad Valenciana	169
Total	728

Fonte: Montserrat Gomendio Kindelan. La Formación Profesional en España. Secretaria de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades

Na **Táboa 8** mostrase o número de empresas colaboradoras nos proxectos de FPD no ano 2015 en cada Comunidade Autónoma.

Táboa 8. Empresas colaboradoras nos proxectos de experiencias de Formación Profesional Dual no ano 2015

Comunidades	Empresas en 2015
Andalucía	337
Aragón	68
Asturias	45
Illes Baleares	190
Canarias	176
Cantabria	150
Castilla la Mancha	821
Castilla y León	48
Cataluña	539
Extremadura	12
Euskadi	312
Galicia	51
Madrid	586
Murcia	196
Navarra	167
La Rioja	56
Comunidad Valenciana	1124
Total	4878

Fonte: Montserrat Gomendio Kindelan. La Formación Profesional en España. Secretaria de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades

Na **Táboa 9** podemos ver o número de alumnos e alumnas que cursaron a modalidade de FPD no ano 2014 en cada Comunidade Autónoma.

Táboa 9. Alumnado que cursou a modalidade de Formación Profesional Dual no ano 2014

Comunidades	Alumnado en 2015
Andalucía	528
Aragón	85
Asturias	70
Illes Baleares	211
Canarias	885
Cantabria	450
Castilla la Mancha	1629
Castilla y León	210
Cataluña	3718
Extremadura	120
Euskadi	406
Galicia	243
Madrid	3991

Murcia	489
Navarra	512
La Rioja	57
Comunidad Valenciana	2595
Total	16199

Fonte: Montserrat Gomendio Kindelan. La Formación Profesional en España. Secretaria de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades


Para os anos 2016 (curso 2015/2015) e 2017 (curso 2016/2017) non atopamos datos que nos permitisen seguir facendo unha relación da evolución da FPD por Comunidades autónomas. É certo que moitas comunidades teñen publicados os seus propios datos, como é o caso de Cataluña, Euskadi e Madrid, entre outras. Sen embargo, ao non poder obter datos de todas decidimos, nesta ocasión, non continuar a comparativa.

3. Conclusións: “Imos no bo camiño?”

Pois ben, unha vez extraídos os datos que describen o estado actual da cuestión no territorio nacional nos últimos anos, podemos afirmar que a FPD sufriu crecemento máis que significativo, o cal nos leva a comprender a importancia que está acadando esta materia na actualidade.

No seguinte gráfico podemos ver o resumo dos datos extraídos anteriormente. No mesmo podemos apreciar o notable crecemento dos grupos de interese involucrados na FPD en España. Vemos como cada un deles se duplica ano a ano, fomentando así a notoriedade que a FPD acada na etapa actual.

Gráfico 3. Evolución da FPD 2013-2015



Fonte: propia

Se ben existen notables diferenzas entre as Comunidades Autónomas, estas non resultan de interese na presente investigación xa que poden verse promovidas por factores e variables que requirirían dun estudo propio.

Tendo en conta a rapidez coa que a FPD está a protagonizar os proxectos educativos de moitos centros ao longo do territorio nacional, e se recordamos un dos obxectivos FPD en España cos que introducimos este traballo, *“incrementar as probabilidades de inserción laboral grazas ao contacto directo dos traballadores coas empresas”*, chámamos a atención a ausencia de estudos sobre a inserción laboral dos alumnos/as involucrados na FPD. Na busca de datos para a presente investigación determinamos que unicamente unhas poucas Comunidades Autónomas realizan un seguemento da inserción laboral na FPD, ou polo menos non existen datos publicados na actualidade.

Resulta curioso que os centros que ofertan FPD, as empresas colaboradoras e os/as alumnos/as protagonistas destes proxectos se multipliquen ano a ano dende 2013 e non se avalíe sistematicamente a inserción laboral dos rapaces e rapazas. Isto lévanos a propoñer unha continuación do presente estudo, xa que quedan moitos interrogantes todavía por responder: en que medida a FPD deriva na inserción laboral do alumno/a?, que porcentaxe de alumnado permanece na empresa colaboradora ao finalizar o período de FPD?, trátase dun emprego de calidade (existen posibilidades de promoción, laboral, non precario, boas condicións económicas...)?, os intereses das empresas colaboradoras van máis aló dos puramente económicos?, cal é a valoración dos participantes?...

En definitiva, os datos son claros: a Formación Profesional Dual é unha iniciativa cun claro asentamento no sistema educativo e que amosa unha boa proxectiva de cara aos anos vindeiros, mais se debe reforzar dende as institucións responsables da súa implementación un seguemento continuo e significativo da mesma. Isto será o que nos permita reforzar os seus puntos fortes, mellorar os débiles e involucrar aos participantes no éxito da FP Dual.

Referencias

Montserrat Gomendio Kindelan (2015). La Formación Profesional en España. Secretaria de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades (<https://www.mecd.gob.es/prensa-mecd/dms/mecd/prensa-mecd/actualidad/2015/04/20150409-ocde/ocde1.pdf>)

Subdirección General de Orientación y Formación Profesional (2014). Formación Profesional Dual. Seguimiento de Proyectos de Formación Profesional Dual: Curso 2013/2014 (<http://www.mecd.gob.es/prensa-mecd/dms/mecd/prensa-mecd/actualidad/2014/01/20140113-fpdual-bankia/informe-seguimiento-fpdual.pdf>)

Real Decreto 1529/2012, de 8 de noviembre, por el que se desarrolla el contrato para la formación y el aprendizaje y se establecen las bases de la formación profesional dual.

Orden ESS/2518/2013, de 26 de diciembre [Enlace externo](#), se abre en ventana nueva, por la que se regulan los aspectos formativos del contrato para la formación y el aprendizaje, en desarrollo del Real Decreto 1529/2012, de 8 de noviembre, por el que se desarrolla el contrato para la formación y el aprendizaje y se establecen las bases de la formación profesional dual.